



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Benestar, equidade e xénero

Materia	Benestar, equidade e xénero			
Código	V03G100V01901			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Gradín Lago, Carlos Manuel			
Profesorado	Gradín Lago, Carlos Manuel			
Correo-e	cgradin@uvigo.es			

### Web

**Descrición xeral** Esta materia ten como principal obxectivo introducir ao alumnado na análise das desigualdades económicas, un tema de crecente relevancia nos debates públicos tanto nos países desenvolvidos como no mundo en desenvolvemento. No curso discútese os diferentes enfoques e ferramentas para a cuantificación de fenómenos relacionados coa equidade na distribución dos recursos económicos, tales como a desigualdade, a pobreza, ou a discriminación das mulleres e outros colectivos no mercado laboral. Discútese os principais problemas prácticos e conceptuais asociados coa cuantificación destes fenómenos, preséntanse os indicadores máis adecuados, dos que se analizan as súas propiedades, e estúdanse as tendencias actuais e as súas causas. En todo o curso incorpórase de forma transversal a perspectiva de xénero. O curso ten unha orientación moi práctica, xa que se persegue que o/a estudante dispoña das ferramentas necesarias para ser capaz de interpretar de forma crítica os estudos e informes relacionados coa equidade. Tamén se pretende que sexa capaz de replicar os principais indicadores a partir de datos procedentes de enquisas de fogares, mediante o uso dun programa informático de libre acceso para a análise distributiva (DAD). Por iso, a realización dun breve informe sobre un problema distributivo real no que se apliquen os coñecementos adquiridos, forma parte esencial do curso.

Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C6	Adquirir coñecementos de Análise económica
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
C13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar os principais problemas asociados á distribución de recursos e a discriminación	C6 C9
Manexo de ferramentas para a análise distributiva empregando as fontes datos dispoñibles sobre condicións de vida dos fogares e mercado laboral.	C6 C9
Comprensión e capacidade de elaboración dun informe relacionado cun problema distributivo	C6 C8 C9 C13 D5

<b>Contidos</b>	
Tema	
1. Introducción: o benestar	1.1 Marco teórico: A análise económica das desigualdades 1.2 Aspectos metodolóxicos a ter en conta na análise do benestar
2. As desigualdades económicas	2.1 Desigualdade, distribución da renda e benestar social 2.2 Comparacións ordinais de desigualdade: a curva de Lorenz 2.3 Comparacións cardinais de desigualdade: os índices de desigualdade e as súas propiedades 2.4 Algunhas extensións
3. Pobreza e exclusión social	3.1 Identificación da poboación pobre: as liñas de pobreza 3.2 Cuantificación da pobreza: índices de pobreza 3.3 Criterios para ordear distribucións de acordo coa súa pobreza 3.4 Dinámica da pobreza 3.5 Pobreza multidimensional 3.6 Determinantes da pobreza
4. Análise económica da discriminación	4.1 Desigualdade entre grupos e discriminación 4.2 Explicacións das desigualdades no mercado de traballo 4.3 A discriminación laboral por xénero e raza 4.4 Contratación e segregación ocupacional 4.5 Discriminación salarial por razón de xénero

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	60	88
Seminario	15	20	35
Exame de preguntas obxectivas	2.5	0	2.5
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Traballo	2.5	20	22.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición en clase dos principais contidos do programa.
Seminario	Cálculo de indicadores mediante folla de cálculo e programa informático específico de acceso libre (DAD), empregando datos sobre a distribución da renda entre a poboación. Discusión e interpretación de resultados. Elaboración e presentación dun informe aplicando os coñecementos adquiridos.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Durante os seminarios de prácticas o estudiantado recibirá atención personalizada para a resolución dos problemas de aplicación das técnicas obxecto de estudo.
Probas	Descrición
Traballo	Durante a elaboración do traballo, o estudiantado recibirá o asesoramento personalizado tanto no horario de clases como nas titorías correspondentes. As horas de titorías poderán verse na web da asignatura en Moovi. Para solicitar unha titoría, pódese enviar un correo electrónico o docente (cgradin@uvigo.gal)

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Exame de preguntas obxectivas	Primeiro exame parcial	30	C6	
			C9	
Exame de preguntas obxectivas	Segundo exame parcial	40	C6	
			C9	
Traballo	Elaboración dun informe empregando fontes de datos estatísticos dispoñibles, con programas informáticos específicos (Excel, DAD), no que se apliquen os coñecementos adquiridos. Presentación en clase das principais conclusións do informe.	30	C6	D5
			C8	
			C9	
			C13	

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

O estudante poderá elixir entre o sistema de avaliación continua e o de avaliación global de acordo cos procedementos e

prazos que estableza o centro.

O sistema de avaliación continua consistirá na realización de dous exames parciais, así como dun informe final. Para superar a materia, será preciso acadar polo menos un 40% da nota en cada unha das tres probas e o 50% no total.

O sistema de avaliación global determinarase exclusivamente polo resultado do exame final oficial. En convocatorias extraordinarias, unicamente será posible a avaliación global. As datas de exames oficiais se recollen na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>)

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Albelda, Randy y Drago, Robert, **Unlevel Playing Fields. Understanding Wage Inequality and Discrimination**, 4ª, Dollars & Sense, 2013

Atkinson, Anthony B., **Desigualdad: ¿Qué podemos hacer?**, Fondo de Cultura Económica, 2016

Gradín, Carlos y Del Río, Coral, **Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia**, IEEG - Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001

Stiglitz, Joseph E., **El precio de la desigualdad**, Taurus, 2012

### **Bibliografía Complementaria**

Alkire, Sabina; Foster, James; Seth, Suman; Santos, Maria Emma; Roche, José Manuel y Ballón, Paola, **Multidimensional Poverty Measurement and Analysis**, Oxford University Press, 2015

Alonso-Villar, Olga y Del Río, Coral, **Segregación ocupacional por razón de género y status migratorio en España y sus consecuencias en términos de bienestar**, Ekonomiaz, 2017

Atkinson, Anthony B. y Bourguignon, François (ed.), **Handbook of Income Distribution (vol. 1)**, 1ª (reimpresión), Elsevier, 2007

Ayala, Luis y Cantó, Olga, **Informe España 2020. Capítulo 1: Mercado de trabajo y desigualdad**, Universidad Pontificia de Comillas, 2020

Bandrés, Eduardo, **Economía y redistribución: teorías normativas y positivas sobre la redistribución de la renta**, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1993

Benería, Lourdes, **Género, desarrollo y globalización**, Hacer Editorial, 2009

Blau, Francine D.; Ferber, Marianne A. y Winkler, Anna E., **The Economics of Women, Men, and Work**, 7ª, Pearson, 2014

CES España, **Tercer informe sobre la situación de las mujeres en la realidad sociolaboral española**, Consejo Económico y Social España, 2011, Informe 01/2011

CES España, **Distribución de la renta en España: Desigualdad, cambios estructurales y ciclos**, Consejo Económico y Social España, 2013, Informe 03/2013

CES España, **La participación laboral de las mujeres en España**, Consejo Económico y Social. España, 2017

Del Río, Coral y Alonso-Villar, Olga, **Mujeres ante el empleo (y el desempleo) en el mercado laboral español**, Areas. Revsta internacional de Ciencias Sociales, 2014

Duclos, Jean-Ives y Araar, Abdelkrim, **Poverty and Equity: Measurement, Policy and Estimation with DAD**, Springer, 2006

Eswaran, Mukesh, **Why Gender Matters in Economics**, Princeton University Press, 2014

Ferber, Marianne A. y Nelson, Julie A. (ed.), **Más allá del hombre económico**, Cátedra, 2004

Foster, James; Seth, Suman; Lokshin, Michael y Sajaia, Zurab, **A Unified Approach to Measuring Poverty and Inequality**, The World Bank, 2013

FOESSA, **VII Informe sobre exclusión y desarrollo social en España**, Fundación FOESSA, 2014

Goerlich, Francisco J. y Villar, Antonio, **Desigualdad y Bienestar Social**, Fundación BBVA, 2009

OECD, **Growing Unequal? Income distribution and poverty in OECD countries**, OECD Publishing, 2008

Pazos Morán, María, **Contra el patriarcado: Economía feminista para una sociedad justa y sostenible**, KatakraK, 2018

Piketty, Thomas, **El capital en el siglo XXI. Tercera parte: la estructura de la desigualdad**, Fondo de Cultura Económica, 2014

Salverda, Wiemer; Nolan, Brian y Smeeding, Timothy M. (ed.), **The Oxford Handbook of Economic Inequality**, Oxford University Press, 2011

Sarasúa, Carmen y Gálvez, Lina, **¿Privilegios o eficiencia? Mujeres y hombres en los mercados de trabajo**, Publicaciones Universidad de Alicante, 2003

Sen, Amartya, **La desigualdad económica**, Fondo de Cultura Económica, 2001

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Estatística: Estadística I/V03G100V01205

Estatística II/V03G100V01403

Econometría I/V03G100V01501

Economía dos servizos públicos/V03G100V01602

